

Subvencións 2026 para Autónomos: Axudas á 1ª, 2ª e 3ª Contratación Indefinida

2026-02-05

Informámoslle da publicación das subvencións para o ano 2026 destinadas a apoiar a primeira, segunda e terceira contratación indefinida inicial por parte de persoas autónomas.

Estas axudas teñen por obxectivo fomentar a creación de emprego estable e apoiar o crecemento das pequenas actividades profesionais.

Período subvencionable das contratacións

Poderán acollerse a estas axudas todas aquelas contratacións indefinidas realizadas entre:

→ 1 de outubro de 2025 e 30 de setembro de 2026

As contratacións poderán ser:

A xornada completa, ou

A tempo parcial, cun mínimo do 50 % da xornada.

Requisitos principais da subvención

Para poder acceder á axuda, deberán cumprirse as seguintes condicións:

Manter á persoa contratada

A persoa contratada deberá permanecer na empresa durante 36 meses.

Manter a plantilla fixa existente

As persoas traballadoras fixas existentes no momento de realizar a nova contratación deberán manterse durante 12 meses.

Poderán ser substituídas en caso de baixa, sempre por unha persoa con características similares.

Contías das axudas

As subvencións varían en función de se se trata da primeira, segunda ou terceira contratación, así como doutras circunstancias do/da traballador/a contratado/a.

Primeira contratación → entre 7.500 € e 14.400 €

Segunda ou terceira contratación → entre 9.000 € e 17.600 €

□ Como procedemos desde Asesoría Bieito

O seu responsable laboral poñerase en contacto con vostede para:

Revisar se algunha das contratacións actuais cumpre os requisitos.
Informarlle das posibilidades reais de acceder á subvención.
Axudarlle a tomar a mellor decisión.

Se está pensando en contratar un novo traballador, tamén pode contactar connosco para valorar se pode beneficiarse desta axuda desde o inicio do proceso.

△□ Importante: tramitación por orde de chegada

As subvencións concédense ata esgotar o orzamento dispoñible, polo que recomendamos comunicar canto antes o seu interese.

A tramitación terá:

Un custo inicial ao presentar a solicitude.

Un custo final cando a subvención sexa concedida.

Informarémolles destes importes no momento en que desexe encargarnos oficialmente a xestión da axuda.